

› X Edición dos Premios ACLEBIM de Bibliotecas Móviles

Durante o Congreso entregaranse os *Premios ACLEBIM*.

Nesta edición quíxose recoñecer o labor daqueles profesionais e entidades que se distinguiron polo seu especial apoio, defensa e impulso dos servizos bibliotecarios móbiles.

› Sede do Congreso

O Congreso desenvolverase na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.
<https://www.cidadedacultura.gal/gl/cidade>

As persoas asistentes disporán dun servizo gratuíto de autobuses para o acceso desde o casco urbano da cidade e viceversa.

› Información do Congreso

Toda a información actualizada sobre o evento, así como a forma de inscrición e de presentación de comunicacións e pósters poden consultarse na web do XII Congreso Nacional de Bibliotecas Móviles:
<https://bibliobuses.com/xii-congreso-nacional-de-bibliotecas-moviles/>

› Boletín de inscrición

Para inscribirse no XII Congreso Nacional de Bibliotecas Móviles, hai que cubrir o FORMULARIO que aparece na web do Congreso:
<https://bibliobuses.com/xii-congreso-nacional-de-bibliotecas-moviles/>

O prazo de inscrición finaliza o 30 de setembro de 2026.

As persoas inscritas, ademais de participar nas actividades do Congreso, tamén estarán invitadas aos xantares e ceas do venres 23 e do sábado 24; así como ás visitas turísticas do venres 23 e do domingo 25.

O ingreso bancario deberá facerse na c.c. ES64 2103 2200 11 0033055910, baixo o concepto XII Congreso Nacional de Bibliotecas Móviles.

- Cota xeral: 75 €.
Desde o 1 de setembro: 95€.
- Cota membros de asociacións FESABID con convenio de formación: 60 €.
- Cota para persoas desempregadas e estudantes: 45 €.

Organizan:



Patrocinan:



Colaboran:



XII CONGRESO NACIONAL DE BIBLIOTECAS MÓBILES

Dereitos sen barreiras

SANTIAGO DE COMPOSTELA
23 a 25 de outubro de 2026

Programa

Venres 23

- 09.00 Recepción e recollida de documentación
- 10.00 Inauguración
- 10.30 Relatorio 1
- 11.15 Coloquio
- 11.30 Pausa café
- 12.00 Comunicacións 1
- 13.00 Coloquio
- 13.30 Comida
- 15.30 Visita comentada dos bibliobuses e pósteres
- 17.30 Café simultáneo
- 18.00 Mesa redonda relatores
- 19.00 Tempo libre
- 20.00 Cea
- 22.00 Visita nocturna á Catedral

Sábado 24

- 09.00 Relatorio 2
- 09.45 Coloquio
- 10.15 Pausa café
- 10.45 Comunicacións 2
- 12.30 Coloquio
- 13.00 Visita á Biblioteca de Galicia
- 14.00 Comida
- 16.00 Relatorio 3
- 16.45 Coloquio
- 17.00 Comunicacións 3
- 17.45 Pausa café
- 18.15 Resume e conclusións da xornada
- 18.45 Entrega de Premios ACLEBIM e clausura
- 19.15 Tempo libre
- 21.00 Cea

Domingo 25

- 10.30 Visita guiada á Cidade da Cultura

Comunicacións e pósteres

As comunicación e pósteres que se queiran presentar ao Congreso serán examinados polo Comité Científico formado para este efecto, que, en última instancia, decidirá a súa aceptación ou non. En todo caso, os autores serán informados disto coa suficiente antelación.

As **comunicacións** axustaranse aos seguintes temas:

- Novas experiencias en bibliotecas móbiles.
- Aplicacións das tecnoloxías da información e a comunicación aos servizos bibliotecarios móbiles.
- Técnicas para o fomento lector e a alfabetización informacional desde as bibliotecas móbiles.
- Planificación e organización de servizos e redes de bibliotecas móbiles.
- Recursos humanos, técnicos e económicos dos servizos bibliotecarios móbiles.
- A calidade nos servizos bibliotecarios móbiles.

A extensión máxima das comunicacións será de 8 páxinas para texto e 2 páxinas para gráficos, a espazo interlineal sinxelo, con fonte Arial 12, en documento Word.

Remítanse ao enderezo bibliobuses@aclebim.es.

O prazo de presentación termina o **30 de setembro de 2026** (para o texto e para a posible presentación en imaxes).

Con cada documento enviado achegaranse os seguintes datos da autoría: nome e apelidos, teléfono, correo electrónico, labor profesional.

Os **pósteres** axustaranse ás seguintes condicións:

Extensión: 180 cm de alto por 80 cm de ancho, en formato roll up (85 x 200cm).

O texto do póster debe poder lerse a unha distancia de 2 m. Por este motivo recoméndase que a tipografía sexa grande e clara. Prestarase especial atención ás taboas, gráficos e logos e á resolución das imaxes.

Remítanse ao seguinte enderezo:

**Servizo de Bibliotecas
Dirección Xeral de Cultura
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia,
1º andar, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela**

O prazo de presentación termina o **8 de outubro de 2026**.

Con cada póster achegaranse os datos da autoría: nome e apelidos, teléfono, correo electrónico, labor profesional.

Para calquera dúbida ao respecto, poden acudir ao enderezo electrónico de ACLEBIM bibliobuses@aclebim.es.